

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 24 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 22 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Vivero Mijares (asiste ao punto 4a)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 8b e 9a)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
 2. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 4. SACYR CONSERVACIÓN, S.A.
 5. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 6. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
 7. NAROM, S.L.



3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210) (informe valoración sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial de Mobilidade, Transportes e Seguridade, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 24 de maio de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446) (informe valoración proposición avaliable a través de fórmula)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 22 de maio de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 12/05/2024 17:21 | Páxina 2 de 11 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AEA148-C9D128-3D39AD-FJTMQZ-E17ZG6-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



| | Licitador | % única redución prezo mantemento túneles existentes | % única redución prezos unitarios | cantidade máxima anual non subvencionada destinada a investir en proxectos subvencionados por entidades nas cales o adxudicatario esteá disposto a participar como Partner | Nº vehículos eléctricos | Nº anual unidades subministro e reposición ópticas de semáforos tipo LED |
|---|---|--|--|---|-------------------------------|--|
| 1 | UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. | 14,20 | 10,80 | 100.000 (C/IVE) | 5,00 | 240,00 |

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Adriana Sayáns Díaz, con DNI ****.*34.46***, D. José Manuel Martínez Olveira, con DNI ****.*01.89*** e D. Diego Casas Iglesias, con DNI ****.*53.76***, os tres en representación de EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

Ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula", a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgar ao único licitador admitido a máxima puntuación de acordo co apartado 7B do Anexo I (FEC) do prego:

| | Licitador | % única redución prezo mantemento túneles existentes | % única redución prezos unitarios | cantidade máxima anual non subvencionada destinada a investir en proxectos subvencionados por entidades nas cales o adxudicatario esteá disposto a participar como Partner | Nº vehículos eléctricos | Nº anual unidades subministro e reposición ópticas de semáforos tipo LED |
|-------|---|--|--|---|-------------------------------|--|
| 1 | UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. (80%-20%) | 17 puntos | 12 puntos | 12,5 puntos | 11 puntos | 7,5 puntos |
| Total | | | | | | 60 puntos |



Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor no informe de data 24 de maio, a puntuación total é a seguinte:

| | Licitador | Criterio xuízo valor | Criterios fórmula | Puntuación total |
|---|---|----------------------|-------------------|------------------|
| 1 | UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. | 38,60 puntos | 60 puntos | 98,60 puntos |

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de xestión integral e mantemento de sistemas de regulación e control do tráfico no Concello de Vigo (105.916-210) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|------------------|
| 1 | UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A. | 98,60 puntos |

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. e ETRA INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 12/05/2024 17:21 | Páxina 4 de 11 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AEA148-C9D128-3D39AD-FJTMQZ-E17ZG6-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación |
|---|-----------------------------------|------------|
| 1 | SESTRAMA IBÉRICA, S.L. | 100,00 |
| 2 | AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L. | 55,95 |

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SESTRAMA IBÉRICA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
3. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

10.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lote 8)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión do 16 de maio de 2019 se acordou conceder un prazo a MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. para que puidera emendar a acreditación da solvencia económica para o lote 8. Durante o prazo concedido, o 23 de maio de 2019, D^a. Carlota Brenda Traba Míguez, en representación de MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. presentou un escrito no que solicita que “se valore a proposta da dicente como xusta adjudicataria do lote 8”, e ao que acompaña as contas de 2017, nas que se pode comprobar que o seu volume de negocios non cumpre os requisitos esixidos no PCAP.

No referido documento, logo de indicarse que o licitador se presentou á licitación de boa fe “entendiendo que la acreditación de solvencia, era suficiente para una ÚNICA anualidad de las contenidas en la propuesta, en concreto al lote 8, que se cita textualmente en el pliego de condiciones. El importe de 16.050.54 euros, sin IVA; cifra para la cual, Mr Pickwick School, S.L. es económicamente solvente”, fórmulanse unha serie de alegacións que se sintetizan a continuación:

1. “Tras haber participado en el procedimiento de contratación 8752/336, se solicita a esta entidad que acredite una solvencia económica igual o superior a 80.254,55 euros para el Lote 8, modificando, por tanto, el pliego de condiciones o de cláusulas administrativas particulares para la contratación. Véase la página 11 del PCAP, que se transcribe [...]. (Transcríbese parte da cláusula 8 do PCAP).
2. “E iguales condiciones económicas aparecen en el expediente de contratación, que en su página 6, normas de ejecución, punto 8b) Solvencia, dice [...]. Refírese á información recollida na memoria xustificativa do contrato.
3. “La empresa Mr Pickwick School, ya se ha presentado con antelación a concursos de similar naturaleza en los últimos tres años, y nunca antes se le habían solicitado



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 12/05/2024 17:21 | Páxina 5 de 11 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AEA148-C9D128-3D39AD-FJTMQZ-E17ZG6-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

cifras tan altas para acreditar a solvencia económica, sempre se ha solicitado acreditar el importe de una anualidad, por lo que, desde la empresa se asumió que una anualidad sería el importe demandado para acreditar la solvencia económica de éste, como viene en los documentos del concurso”.

4. *“Que la solvencia de la entidad, dado que su mayor facturación se produce en el ejercicio 2017 y asciende a 75.942,25 euros, está muy cerca de los 80.254,55€”.*

Finalmente, solicita: “Que, tengan por realizadas las alegaciones que se contienen se admitan y se acuerde en todo caso que no haya lugar a sanciones ni pecuniarias ni de prohibición de contratación, por el grave daño que supondría a esta entidad, y teniendo en cuenta la contradicción en la convocatoria y que, en base a la argumentación expuesta, se valore la propuesta de la dicente como justa adjudicataria del lote 8”.

Á vista do anterior escrito, a Mesa de Contratación non aprecia mala fe nos motivos que o licitador argumenta respecto da súa confusión sobre a solvencia económica esixida na cláusula 8 do PCAP. No entanto, conséntase, a través da documentación presentada, que o licitador non acreditou a solvencia económica esixida, polo que ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP se entende que retirou a súa oferta.

En base a isto e, tendo en conta que no lote 8 non hai máis licitadores clasificados, a Mesa acorda, por unanimidade:

- A) Desestimar as alegacións formuladas por MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. nas que solicita que *“se valore a proposta da dicente como xusta adxudicataria do lote 8”* polos seguintes motivos:

1. A documentación presentada polo licitador permite constatar que non posúe a solvencia económica esixida no PCAP.

Así o recoñece o propio licitador no seu escrito e se comproba nas contas de 2017 que se acompañan onde figura un volume de negocios de 75.942,25 euros, importe inferior ao esixido (80.254,55 euros).

2. Ao presentar a súa oferta o licitador acepta incondicionalmente o contido da totalidade das cláusulas dos pregos (artigo 139.1 da LCSP). A cláusula 8.4.3^º do PCAP indica o medio para acreditar a solvencia económica e financeira:

“Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.*
- Á anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo a cláusula 2.2 do PCAP "Terán carácter contractual, pola orde de prelación na que se indican, os seguintes documentos:

- Este prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de prescricións técnicas
- A oferta do adxudicatario
- O documento no que se formalice o contrato"

En consecuencia, o licitador debeu ter en conta no momento de formular a súa oferta as esixencias recollidas no PCAP.

3. O método de cálculo do valor estimado do contrato (e, en consecuencia de cada lote, ao preverse a división deste contrato en lotes), recóllese no apartado 3.D) do Anexo I (FEC) nos seguintes termos:

"MÉTODO DE CÁLCULO DO VALOR ESTIMADO E CONCEPTOS QUE COMPRENDE: o valor estimado calculouse descontando o importe correspondente ó IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, e tendo en conta as posibles prórrogas por canto neste contrato non se contemplan modificacións".

- B) Formular ao órgano de contratación a seguinte proposta para que declare deserto o lote 8:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de programación



e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 5 de marzo de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de abril de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 2 de abril de 2019 e a documentación presentada na plataforma de licitación electrónica nos sobres A e B, presentáronse as seguintes ofertas:

- MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)
- DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) (lotes 4 e 5)
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)
- SERVIPLUSTOTAL, S.L.
- (lotes 4, 5 e 7)
- UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)
- BARAFUNDA, S.L. (LOTES 5, 6 e 7)
- AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4, 5 e 9)

Cuarto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)
2. AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|---|------------------|
| 1 | DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) | 88,22 |
| 2 | SERVIPLUSTOTAL, S.L. | 87,00 |
| 3 | AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL | 49,43 |

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|--|------------------|
| 1 | DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) | 88,05 |
| 2 | SERVIPLUSTOTAL, S.L. | 87,00 |
| 3 | BARAFUNDA, S.L. | 39,36 |

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|--|------------------|
| 1 | UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA | 89,00 |
| 2 | BARAFUNDA, S.L. | 30,12 |

Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|-----------------|------------------|
| 1 | BARAFUNDA, S.L. | 69,25 |

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|---------------------------|------------------|
| 1 | MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. | 74,75 |

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|---------------------------|------------------|
| 1 | MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. | 81,75 |

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|---|------------------|
| 1 | XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. | 90,00 |

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días



hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Quinto.- O anterior acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 8, MR. PICWICK SCHOOL, S.L., que presenta a documentación requirida nas datas 8 e 13 de maio de 2019.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, resultando insuficiente a solvencia económica acreditada por MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para o lote 8 polo que se acordou conceder un prazo para a súa emenda.

Durante o prazo concedido, o 23 de maio de 2019, o licitador presentou un escrito ao que acompañou as contas de 2017 nas que se comproba que non dispón da solvencia económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo.- O artigo 150.2 da LCSP prevé que *“De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta”*. Indica ademais que neste suposto, procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Dado que non existen máis licitadores clasificados neste lote, procede declaralo deserto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador clasificado no lote 8 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) non cumprimentou adecuadamente o requirimento do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 150 da LCSP ao non ter acreditado solvencia económica suficiente, procede declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 12/05/2024 17:21 | Páxina 10 de 11 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AEA148-C9D128-3D39AD-FJTMQZ-E17ZG6-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Declarar deserto o lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORATIVAS do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) por non ter cumprimentado adecuadamente o único licitador clasificado neste lote o requirimento do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 150 da LCSP ao non acreditar solvencia económica suficiente”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



| | | |
|--|--|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 12/05/2024 17:21 | Páxina 11 de 11 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: AEA148-C9D128-3D39AD-FJTMQZ-E17ZG6-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |